



AREA DE CULTURA, DEPORTE E COÑECEMENTO
Servizo de Deportes

211/2019/25

Contrato. SERVIZO DE ORGANIZACIÓN TÉCNICA DAS TRES GRANDES CARREIRAS QUE SE DESENVOLVEN NA CIDADE DA CORUÑA NO ANO 2019

CONTRATO

Nas Casas Consistoriais da Cidade da Coruña, a dezaseis de febreiro de dous mil dezanove.

REUNIDOS

Dunha parte, dona M^a Eugenia Vieito Blanco, por delegación do Alcalde do Concello da Coruña, asistida do Oficial Maior don Miguel Iglesias Martínez que da fe do acto.

E doutra parte, D. Isidoro Hornillos Baz, provisto de D.N.I. n^o 32.426.699-B, en representación de *FEDERACION GALLEGA DE ATLETISMO DE LA CORUÑA* con domicilio en Avda de Glasgow, 13, Complexo Deportivo de Elviña, 15008 A Coruña;

Os comparecentes recoñécense mutua competencia e capacidade para formalizar o presente contrato, de acordo cos seguintes:

ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS

Primeiro.- O tenente de alcalde concelleiro delegado de Emprego e Economía Social, actuando con competencias delegadas pola Xunta de Goberno Local, en data 14 de febreiro de 2019, resolveu: autorizar o gasto de 76.131,44 euros, IVE exento, que supón a contratación da organización técnica das tres grandes carreiras que se desenvolven no ano 2019 na cidade da Coruña: Media Maratón C21, Maratón C42 e 10K e Carreira Popular Coruña 10, gasto imputable á aplicación 50 341 22767 do Orzamento municipal en vigor; aprobar o expediente de contratación, dispoñer a apertura dun procedemento de adxudicación mediante un procedemento negociado sen publicidade previsto nos artigos 168 e seguintes da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público; aprobando ao efecto os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que haberán de rexelo.

Segundo.- O servizo de Deportes invitou a participar no concurso á *FEDERACION GALLEGA DE ATLETISMO DE LA CORUÑA*, xa que ostenta a exclusividade na organización deste tipo de eventos (como se xustificou no expediente antes de iniciar o procedemento de contratación), achegándolle os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas reguladores da contratación.

Terceiro.- O presuposto base de licitación ascende a 131.131,44 €, IVE exento, segundo o prego de prescricións técnicas que describe o obxecto contractual. Dese importe, a contía máxima que vai asumir o Concello é de **76.131,44 euros**. O resto, ata chegar ao prezo do contrato, será o contratista o que lle cobrará aos participantes nas carreiras nos termos previstos nos pregos como parte do pago do





AREA DE CULTURA, DEPORTE E COÑECEMENTO
Servizo de Deportes

211/2019/25

Contrato. SERVIZO DE ORGANIZACIÓN TÉCNICA DAS TRES GRANDES CARREIRAS QUE SE DESENVOLVEN NA CIDADE DA CORUÑA NO ANO 2019

prezo contractual. Para asumir o gasto máximo que lle corresponde ao Concello, procedeuse á correspondente autorización gasto por importe de 76.131,44 € con cargo á aplicación 50 341 22767 do orzamento municipal en vigor.

Cuarto.- En resposta a esa invitación, o día 15 de febreiro de 2019 presentouse a oferta pola *FEDERACION GALLEGA DE ATLETISMO DE LA CORUÑA*.

Quinto.- Unha vez abertos os sobres que contíñan a documentación administrativa e a descrición da súa oferta, e tras ser analizados co resultado que consta nas actas que obran no expediente, elaborouse a proposta de adxudicación.

Sexto.- O servizo de Deportes comprobou que o adxudicatario está ao corrente coas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

Sétimo.- Á vista do anterior, o concelleiro delegado de Emprego e Economía Social (acordo da Xunta de Goberno Local de 30/06/17, BOP 13/07/17), con data 16 de febreiro de 2019, resolveu adxudicar o á *FEDERACION GALLEGA DE ATLETISMO DE LA CORUÑA* (NIF G15103500) a contratación para executar o servizo citado por importe de 131.131,44 € (cento trinta e un mil, cento trinta e un euros, con corenta e catro céntimos) IVE exento, que se pagarán na forma establecida nos pregos de cláusulas administrativas particulares con cargo á aplicación 50 341 22767 do orzamento municipal en vigor.

CLÁUSULAS DO CONTRATO

I.- D. Isidoro Hornillos Baz, provisto de D.N.I. nº 32.426.699-B en representación da *FEDERACION GALLEGA DE ATLETISMO DE LA CORUÑA* comprométese á organización técnica das tres grandes carreiras que se desenvolven no ano 2019 na cidade da Coruña: Media Maratón C21, Maratón C42 e 10K e Carreira Popular Coruña 10, baixo a vixilancia do contrato de Dona Eva Blanco Sánchez, xefa do Departamento de Deportes do Concello da Coruña.

II.- O prezo do contrato é de 131.131,44 € (cento trinta e un mil, cento trinta e un euros, con corenta e catro céntimos) IVE exento, que se pagarán na forma establecida nos pregos de cláusulas administrativas particulares. En particular, 76.131,44 € serán con cargo á aplicación 50 341 22767 do orzamento municipal en vigor, e o resto 55.000 € con cargo aos ingresos percibidos polas cotas de inscrición dos participantes de cada carreira.

III.- Dona Mª Eugenia Vieito Blanco, na representación que ostenta, comprométese ao cumprimento de cantas obrigas resulten para o Excmo. Concello da Coruña derivadas deste contrato.

IV.- Este contrato ten carácter administrativo, e rexerase polo establecido no prego de cláusulas administrativas particulares e técnicas regulador da licitación aprobados por resolución do tenente de alcalde concelleiro delegado de Emprego e Economía Social con data 14 de febreiro de 2019, que



Páxina 2 de 3





Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña

CORUÑA
DEPORTE



AREA DE CULTURA, DEPORTE E COÑECEMENTO
Servizo de Deportes

211/2019/25

Contrato. SERVIZO DE ORGANIZACIÓN TÉCNICA DAS TRES GRANDES CARREIRAS QUE SE DESENVOLVEN
NA CIDADE DA CORUÑA NO ANO 2019

forman parte do presente contrato, polo consignado polo adxudicatario na súa oferta e polo establecido na lexislación vixente na materia; podendo ser elevado a escritura pública a solicitude do contratista, sendo da súa conta os gastos derivados do seu outorgamento.

E para a debida constancia de todo o convido, asínase este contrato, por duplicado, no lugar e data indicados.

O ALCALDE
P.D.

OFICIAL MAIOR



O CONTRATISTA



